

# RONDÒ FINAL + VECINES

CO- Festival de Cinema Cooperativo

# 1210

ESTREA EN NUMAX: 14.12.2023 | V.O.S.E. | 76 min

## RONDÒ FINAL

Cen anos de imaxes buscadas e encontros. Fragmentos de película, fitas familiares, píxeles. Un santo mártir, un guerreiro. Santo Efsio, una icona que conmove a xente. Unha festa, un rito que se repite fóra do tempo e que vai acompañado das máscaras de dominacións pasadas e presentes dunha illa: Cerdeña. Qué escapa? Que fica? A pregunta e a resposta son a base da montaxe e renovan o pasado noutro pasado. Neste encontro de miradas en diferido, o día festivo volve renovarse na memoria e o soño, lonxe de lugares coñecidos.

## VECINES

Rostros engurrados, un solar abandonado, una sombra engule un gato, dúas mans entrecrúzanse, unha pancarta avanza. Un filme que parece poder esvaecerse en calquera intre, cunha temporalidade en suspenso: as persoas por momentos parecen doutra época, os fotogramas recuperados dun tempo lonxano. Pero estamos no presente, nun barrio que ameaza desaparecer. Un movemento que apenas detén en pequenos xestos de resistencia. "veCINES" é un filme colectivo realizado por Laboratorio Reversible no territorio que habita: o barrio de Poble-sec en Barcelona.



## CO- Festival Cine Cooperativo

CO- é un festival internacional de cinema e pensamento que visibiliza a creación cooperativa, colectiva e colaborativa. Unha iniciativa que pon o acento en obras que nacen ao abeiro de formas de produción e xestión asociativas e que xeran estéticas alternativas e arriscadas.

O festival nace intrínseco á sala Zumzeig, única sala cooperativa de exhibición cinematográfica en Cataluña, co obxectivo de sondar e reflexionar sobre o panorama audiovisual de principios cooperativistas; isto é, traballos en formato audiovisual de realización conxunta desde outro lugar distinto á lóxica de produción vertical e que desafían a noción de autoría.

Os **principais obxectivos** de CO- son:

- Crear unha proposta alternativa de linguaxe e estéticas audiovisuais.
- Problematizar as ideas canónicas sobre a produción audiovisual.
- Xerar outras formas de facer que cambian as lóxicas de poder verticais.
- Ser un punto de encontro entre axentes do contexto local e internacional.
- Xerar unha perspectiva crítica e situada sobre as prácticas e os discursos arredor do audiovisual.
- Ser unha estrutura de soporte e visibilización da creación cooperativa, colectiva e colaborativa.
- Ser plataforma de películas consistentes a nivel artístico, político e social.

### **Premio á Mellor Longametraxe | Rondò Final**

Pola súa busca formal e polo traballo rigoroso no aspecto visual, sonoro e especialmente na montaxe, que lle permite completar unha peza aberta e suxestiva. A aproximación á tradición que retrata a través das diferentes capas temporais ábreas preguntas sobre o lugar que ocupan a relixión, as tradicións e os poderes establecidos na contemporaneidade.

### **Premio á Mellor Curtametraxe | VeCINES**

Unha curtametraxe que retrata con cercanía e nostalxia un barrio en proceso de xentificación. Retratos e fotografías de lugares que hoxe desapareceron, pola industria do turismo agresivo. Imaxes que relatan historias dun cotián recente, pero devorada pola rapidez da contemporaneidade. Queremos premiar as veciñas que souberon retratar con frescura e dozura estas lembranzas. Ás miradas atentas aos detalles e á presenza da cámara como parte do contexto. O uso dun medio en contraposición coa moda do momento completa a visión crítica deste marabilloso traballo.